

RESOLUCIÓN DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA EN LUGO, DE DATA 16 DE XUÑO DE 2017 POLO QUE SE INICIA O PROCESO DE SELECCIÓN DE ADQUIRENTES EN SEGUNDAS OU POSTERIORES TRANSMISIÓNS DE VIVENDAS PROTEXIDAS DE PROMOCION PÚBLICA (VPP) NO CONCELLO DE VILALBA

De acordo co disposto na lei 8/2012 de 29 de xuño, de vivenda de Galicia, no artigo 8 do Decreto 253/2007, do 13 de decembro, de réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) e no artigo 31 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade de Galicia e a adxudicación das vivendas protexidas, así como as acollidas a programas de acceso á vivenda con axudas públicas, o xefe territorial da consellería de Infraestruturas e Vivenda de Lugo

ACORDA

PRIMEIRO - Iniciar o proceso de selección dos adquirentes das VPP en segundas ou posteriores transmisións para a/as vivenda/s que se relacionan a continuación:

Concello de VILALBA:

Número de vivendas: 1

Vivenda situada na rúa: AS PEDREIRAS, 8-1ºB
Expediente: LU97030 Conta: 5
Superficie: 82 m²
Número de dormitorios: 3
Garaxe: Si. Rocho: Si.
Prezo (incluídos garaxe e rocho vinculados de habelos): 68.371,60 euros

SEGUNDO - Ofertar as citadas vivendas a través da páxina web do IGVS as persoas interesadas na súa adquisición, que estean inscritas no Rexistro Único de Demandantes á data desta resolución (16 de xuño de 2017).

As persoas interesadas deberán manifestar o seu interese na adquisición da vivenda citada no prazo de 15 días dende a data de alta na páxina web, mediante escrito dirixido á Área Provincial do IGVS en Lugo, á seguinte dirección:

Avda. Ramón Ferreiro, 28 - 27002 Lugo

No dito escrito farán constar os seus datos persoais e o número de credencial asignado á unidade familiar no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda de Galicia.

TERCEIRO - Requisitos dos adquirentes:

Poderán acceder a esta VPP as persoas, nacionais ou estranxeiras, maiores de idade ou menores emancipados segundo establece o artigo 3 do Decreto 253/2007, e con plena capacidade de obrar que, como titulares dunha unidade familiar, reúnan os seguintes requisitos:

1. Atoparse inscrito ou anotado no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia para o concello no que se sitúa a vivenda á data desta resolución de inicio.

2. Ter ingresos ponderados por unidade familiar maiores o iguais a 0,7 veces o IPREM e menores ou iguais a 2,5 veces o IPREM.

3. Carecer de vivenda en calidade de propietario/a, agás que se dea algunha das seguintes circunstancias:

a) Excepcionalmente, poderan acceder a unha vivenda protexida as persoas que sexan propietarias doutra vivenda cando estea suxeita a expediente de expropiación forzoza, as persoas separadas ou divorciadas que se atopen ao corrente no pagamento das pensións alimenticias e compensatorias e que fosen privadas do uso da vivenda por sentenza ou convenio regulador e as que ocupen aloxamentos provisionais como consecuencia de actuacións de emerxencia ou remodelacións urbanas que impliquen a perda da súa vivenda ou calquera outra situación excepcional declarada polo organismo competente en materia de vivenda (art. 64.1 da Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia).

b) Acreditar que a vivenda da que se dispón sexa inhabitable, insuficiente ou inadecuada nos termos especificados na Resolución do 14 de setembro de 2012 do Instituto Galego da Vivenda e Solo. Neste suposto quedarán obrigados a ofertar ao IGVS a dita vivenda a efectos do disposto no artigo 10.I.3b do Decreto 253/2007.

De conformidade co artigo 10.II do Decreto 253/2007 non poderán acceder a VPP os que se atopen nalgunha destas circunstancias:

a) Que xa foran titulares de VPP e a perdesen como consecuencia dun procedemento de desafuzamento, resolución de contrato tramitado polo IGVS ou a alleasen por calquera causa, coa excepción de cambio de residencia por motivos laborais, ou outros xustificados, a xuízo da Comisión Provincial.

b) Que sexan titulares de bens inmobles de natureza rústica ou urbana suxeitos ao imposto sobre bens inmobles que teñan un valor catastral superior a 30.000 euros.

CUARTO - Réxime de adquisición das vivendas:

As vivendas adquiriranse en propiedade, en virtude do contrato de compravenda que se formalice co anterior propietario.

O modelo de contrato será facilitado polo IGVS e unha vez asinado polas partes deberá presentarse ante este organismo para o seu visado.

QUINTO - Procedemento de selección:

De acordo co disposto, no artigo 8 do Decreto 253/2007 e no artigo 31 do Decreto 1/2010 o proceso de selección de adquirentes será o de sorteo entre as persoas que reúnan os requisitos sinalados no apartado terceiro e que manifesten expresamente o seu interese na adquisición da/s vivenda/s.

O dito sorteo celebrarase ante notario. O resultado do sorteo notificarase aos interesados (primeiro adquirente da lista e vendedor). Na notificación faranse constar os datos do adquirente e do vendedor, así como o prezo de venda da vivenda e anexos.

No caso de que se presente unha soa solicitude de adquisición no prazo indicado, será designado directamente como adquirente o demandante que tivese presentado dita solicitude, previa comprobación do cumprimento dos requisitos previstos no apartado terceiro.

No suposto de que non se tivese presentado ningunha solicitude para participar no procedemento de selección de adquirentes, continuarase coa publicación da oferta de venda na páxina web do IGVS para xeral coñecemento, podendo ser autorizada a súa transmisión directa a favor de interesado que figurando inscrito no Rexistro Único como demandante de vivenda de promoción pública cumpra os requisitos especificados no apartado terceiro.

Ao designado como adquirente no sorteo concederáselle un prazo de 10 días para comunicar a súa aceptación. De non aceptar ou de non presentar a dita comunicación en prazo entenderase que non está interesado na adquisición e procederase a designar como adquirente ao seguinte da lista de espera que de se-lo caso se tivese confeccionado.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da consellería de Infraestruturas e Vivenda no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao desta notificación, segundo o establecido nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O xefe territorial da consellería de Infraestruturas e Vivenda
Javier Arias Fouz

D./Dna. _____ con D.N.I.
_____, e nº de inscrición no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia _____, á vista da oferta de vivendas de promoción pública en segundas transmisións, para selección de adquirentes, publicada no portal de Internet do IGVS, con data do 16 de xuño de 2017

SOLICITO:

A inclusión no procedemento de selección de adquirentes para a/s vivenda/s que a continuación sinalo, de conformidade co disposto no artigo 31 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia e a adxudicación das vivendas protexidas, así como das acollidas a programas de acceso á vivenda con axudas públicas.

Vivenda/s nas que estou interesado (Marque as que correspondan):

LU97030:5 (AS PEDREIRAS, 8-1ºB) - VILALBA

_____, ____ de _____ de 201__

Sinatura

Área Provincial do IGVS na provincia de Lugo